

"I CIRCUITO DE ATLETISMO EN PISTA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026"

Art.1) A Federación Galega de Atletismo co patrocinio da Deputación Provincial de Pontevedra organiza a segunda xornada do Circuito de Atletismo en Pista o día 12 de xuño de 2026 nas pistas municipais de Balaidos (Vigo).

Art.2) Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo.

Se o número de solicitudes fora superior á capacidade organizativa, seleccionárase aos participantes utilizando os seguintes criterios:

1. Terán preferencia os/as atletas pertencentes aos clubs da provincia de Pontevedra.
2. Entre atletas da provincia de Pontevedra, terán maior preferencia os/as que non acrediten marca na proba, agás nas probas absolutas nas cales se dará preferencia as mellorEs marcas.
3. En caso de necesidade, realizarase un sorteo entre os atletas sen marca.

Art.3) A responsabilidade das inscricións e da comunicación das baixas, salvo que sexan atletas independentes, corresponderá ao seu club.

- As inscricións serán gratuítas e realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do luns anterior á competición.
- O prazo de comunicación de baixas finalizará ás 23:59 horas do mércores anterior á competición, remitíndose estas a servizos@atletismo.gal.

Aplicarase as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a servizos@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 6 € por atleta.
- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 h do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5 € por proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.4) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.



**Deputación
Pontevedra**



Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5) O seguinte horario poderá ser modificado segundo necesidades:

HORARIO CONTROL 12/06/2026		
HORA	PROBA	CAT/MODALIDADE
17:00	Altura	Abs Mulleres
17:00	Lonxitude	Sub 14 H-M
17:00	220 mv	Sub 14 Homes
17:20	220 mv	Sub 14 Mulleres
17:40	500	Sub 10 Homes
18:00	500	Sub 10 Mulleres
18:20	Lonxitude	Sub 12 H-M
18:20	500	Sub 12 Homes
18:40	500	Sub 12 Mulleres
19:00	500	Sub 14 Homes
19:00	Altura	Abs Homes
19:20	500	Sub 14 Mulleres
19:40	100	Homes Abs
19:40	Lonxitude	Sub 10 H-M
20:10	100	Abs Mulleres
20:40	800	Abs Homes
20:50	800	Abs Mulleres

Os atletas terán 4 intentos no salto de lonxitude (poderán reducirse no caso de moita participación).

Art.7) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da FGA, RFEA e World Athletics.